

A PROPÓSITO DA POLÍTICA REXIONAL: A IDEA DE EUROPA, REVISITADA

LUIS CARAMÉS VIÉITEZ
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 20 de outubro de 2008

Aceptado: 31 de outubro de 2008

Alá polo ano 1942, De Gaulle convidaba aos europeos a vincularse de maneira estable e duradeira (Fondation Charles de Gaulle, 2008, pp. 1-5). Acabada a Segunda Guerra Mundial, o xeneral comprendeu axiña que había que dar por rematada a era dos antagonismos, pero sen asumir o lema dos “Estados Unidos de Europa”, tan querido por Víctor Hugo. Concibindo os primeiros pasos dunha nova Europa nos campos económico e técnico, cemento imprescindible dunha solidariedade de feito, non estaba no seu horizonte “atentar” contra as soberanías nacionais, pero si buscaba con afán a reconciliación franco-alemá, en boa medida liderada por Francia.

Co paso do tempo, De Gaulle habería de comprender que unha Europa refundada non tería sentido sen algunha dimensión política, na que desenvolvería un papel relevante a defensa común, distinta da contemplada desde a OTAN. A pedra no zapato atoparía no Reino Unido, actor interposto da hexemonía dos Estados Unidos. E a pesar do tempo transcorrido, unha “Europa europea” segue sendo, en bastantes aspectos, unha quimera.

Pois ben, aquela idea de Europa ligada a unha confederación, xerme que xermola no xeneral francés desde o viveiro intelectual de Richard Coudenhove-Kalergi (Burgess, 2000), pasada logo pola criba democristiá de, entre outros, Konrad Adenauer, Alcide de Gasperi e Robert Schuman, non avanzou cara ao europeísmo federalista que moitos anhelabamos. Salvando as distancias, no esencial, e aínda máis logo das últimas ampliacións, a Europa das patrias parece gozar de boa saúde.

É esta a dinámica que a Unión Europea está seguindo, en clara disonancia coas grandilocuentes declaracións que adoitan facer os seus líderes de cando en vez, na que enmarcaremos algunhas reflexións sobre a política rexional comunitaria. Os seus inicios, como é sabido, non contaron co entusiasta apoio dos Estados membros, temerosos de que unha política tan transversal ou horizontal acabase por propiciar unha intromisión excesiva do dereito comunitario nas lexislacións nacionais. Habería de ser na época de Jacques Delors como presidente da Comisión cando a política rexional tomase forma e gañase consistencia, ademais de recibir un pulo notable a integración coa Acta Única e co “Paquete Delors-I”.

O político francés comprendera ben que era preciso compensar os efectos potencialmente negativos das catro liberdades: libre circulación de bens, de persoas,

de capitais e de servizos. Polo que respecta á Península Ibérica, os fondos estruturais foron, precisamente, unha precondition para a ampliación a España e a Portugal.

Co tempo, a política rexional comunitaria foi alcanzando peso e coherencia, dotándose de instrumentos e de regras de funcionamento de maior “*performance*”. Pero como o noso obxectivo non é facer un repaso temporal polo miúdo da súa evolución, debemos situarnos na Axenda 2000, sempre co pano de fondo das sucesivas ampliacións, que esixían unha toma en consideración de problemas novos ou do agravamento dos preexistentes. Así pois, prestóuselles unha particular atención á cohesión económica e social, á solidariedade financeira e á maior implicación na asunción de responsabilidades por parte de todos os axentes en xogo. Porén, e sendo xa moi notables as dificultades derivadas da ampliación ao Leste, a todo iso viñeron agregarse os novos riscos e incertezas da globalización, e todo no seu conxunto condicionado por unha forte restrición orzamentaria, polo que haberá que estar á espera dos “equilibrismos” políticos, tan propios da Unión (Cuadrado, Mancha e Garrido, 2002, pp. 23-52).

A Unión deseñou un novo dispositivo para o período 2007-2013, co que parece querer producir un cambio profundo na filosofía da política rexional, en coherencia coa Estratexia de Lisboa, perdendo forza a visión unidimensional da converxencia. Xa que logo, non poden esquecerse, neste novo contexto, os territorios prósperos, piares esenciais dunha política eficiente de competitividade. Matizando as conclusións do cumio de Santa María da Feira, as rexións están chamadas a reforzar a atracción territorial e a estimular a innovación e o espírito de empresa, así como a economía do coñecemento. Tal mutación na vontade comunitaria podería acabar contribuíndo á formación de novos desequilibrios espaciais (Kahn, 2007, pp. 32-36).

Lonxe, pois, a ideoloxía económica do primeiro FEDER e as súas sucesivas reformas, algúns pregúntanse se este dilema entre cohesión e competitividade se inclinará do lado desta última e se esa orientación será do agrado dos cidadáns europeos. De feito, no cadro de perspectivas financeiras 2007-2013, a política de cohesión representa o 35,7% do total do orzamento europeo, e desa porcentaxe o 62% deberá financiar proxectos vinculados á Estratexia de Lisboa, é dicir, á promoción do crecemento e do emprego, en liña coa filosofía do informe Sapir. Por iso, varios grupos políticos e representantes da sociedade civil manifestaron os seus temores ante a posible ruptura do equilibrio entre os tres piares da citada Estratexia: crecemento e mellora da competitividade, cohesión social e protección do medio ambiente.

É un feito que logo da ampliación do ano 2004 se evidenciou unha debilitación da identidade europea. Logo viñeron os rexeitamentos do texto mal chamado “constitucional”, que subliñaron a ambigüidade cara á que se foi deslizando o proxecto da UE (García-Valdecasas, 2005). Por outra parte, o feble crecemento, agravado polos últimos acontecementos da crise financeira e unido a unha rigorosa restrición orzamentaria, empurra á Unión cara a unha renacionalización da política rexional.

A política rexional comunitaria atópase baixo unha forte presión logo das sucesivas ampliacións, como ben o anticipara o daquela presidente da Comisión, Romano Prodi, ao subliñar o prioritario das políticas de crecemento. E nesa dirección interveñen os contribuíntes netos ao orzamento comunitario, especialmente o Reino Unido e Holanda, que desexan renacionalizar a política rexional para concentrar fondos nos países da ampliación.

Estase, polo tanto, ante a nova arquitectura dunha das políticas máis próximas aos cidadáns, arquitectura sentida como menos solidaria e que atopa unha oposición forte no Parlamento europeo. Se a Comisión lles atribúe fondos aos Estados membros, quen son os encargados de repartilos no seu territorio segundo un marco estratéxico nacional, por máis que estes sigan os obxectivos fixados pola Unión cara á política de cohesión, a visibilidade de tal política ensombrécese.

Á espera do libro verde que a Comisión prometeu publicar no mes de outubro do ano 2008, presúmese que a orientación será a de darlles prioridade aos investimentos en ámbitos competitivos, relegando relativamente o obxectivo da cohesión territorial. Se iso fose así, se a “renacionalización” gaña terreo, por máis que tal dinámica obedeza a criterios de crecemento e de eficiencia, a idea dunha Europa con vocación política supranacional e de fidelización cidadá terá perdido consistencia.

Como dixo un político francés (Védrine, 2008), é conveniente non confundir agregados estatísticos con “potencia”, nun sentido político. Onde está, ou a onde se relega, o “espírito europeo” que evocaba Robert Schuman no ano 1949? A propia crise financeira actual ispe dramaticamente o feito de que a Unión carece dunha organización institucional formal capaz de actuar cunha soa voz. O certo é que, aínda asumindo unha idea de Europa explicitamente tecnocrática, as respostas aos graves problemas económicos do momento foron nacionais. Está, pois, preparada esta estrutura de institucións para estenderse a máis países e mesmo a Turquía? As últimas ampliacións parecen non moi pensadas e, en todo caso, deberían realizarse desde unha retagarda ben consolidada.

A política rexional da Unión Europea, apurada pola entrada de novos países pobres e polas sacudidas que a mundialización provoca, é unha manifestación desas tensións. E parece camiñar en sentido contrario ao que sería, ao noso xuízo, desexable: o abandono progresivo das soberanías nacionais. É posible que nos atopemos nun tempo no que os gobernantes se erixiron en simples administradores, por convición, se cadra, ou por falta de visión política de longo alcance. Europa ten na rebotica histórica do pensamento nomes como os de Tomás Moro, Erasmo ou Kant, por citar algúns. Pero regresando á actualidade, personaxes como Vaclav Havel, Gyorgy Honrad ou Adam Michnik, todos eles intelectuais da “outra Europa”, opuxéronse sempre a unha redución da idea europea a un mercado común. Por iso, o paso tan relevante de crear unha moeda coma o euro queda coxo pola falta de simetría política. Os responsables da Unión deben selo tamén para dar pasos audaces nese sentido, antes de que sexa demasiado tarde (Hankis, Hassner *et al.*, 2003, pp. 43-59).

BIBLIOGRAFÍA

- BURGESS, M. (2000): *Federalism and European Union: The Building of Europe 1950-2000*. London/New York: Routledge.
- CUADRADO, J.R.; MANCHA, T.; GARRIDO, R. (2002): “Regional Dynamics in the European Union: Winners and Losers”, en Cuadrado e Parellada [ed.]: *Regional Convergence in the European Union*, pp. 23-52. Berlin: Springer-Verlag.
- FONDATION CHARLES DE GAULLE (2008): “De Gaulle et l’Europe”, *La France dans le monde*, pp. 1-5. Paris.
- GARCÍA-VALDECASAS, I. (2005): “El rechazo del proyecto de Constitución europea”, en: *ARI*. Madrid: Fundación Real Instituto Elcano.
- HANKIS, E.; HASSNER, P. *et al.* (2003): “L’Europe: une idée politique?”, *Raisons Politiques*, núm. 10, pp. 43-59.
- KAHN, R. (2007): “Les nouvelles orientations de la politique régionale européenne”, *Bulletin de l’Observatoire des Politiques Économiques en Europe*, núm. 16, pp. 32-36.
- VÉDRINE, H. (2008): *L’Europe puissance, projet, mythe et réalité*. (Clio-Conferences). Blois.